

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2015/16.

O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros educativos que amose unha especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a colaborar de xeito continuado con distintos organismos para facilitar a integración de determinados programas educativos nos centros de ensino non universitario.

As distintas estruturas que presentan estes programas, os diversos protocolos de desenvolvemento, as variadas metodoloxías que os sustentan e os distintos calendarios que rexen a súa posta en práctica fan imprescindible a adopción dun sistema de coordinación eficaz, que permita optimizar a utilización destes recursos educativos.

Xa que logo, trátase de establecer un marco xeral de colaboración entre as distintas entidades que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos, de fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns, de integrar estes programas na planificación anual dos centros e nas programacións didácticas do profesorado participante e, ao mesmo tempo, de crear unha rede de centros en que se fomenta o traballo cooperativo e de recoñecerlle ao profesorado a súa participación nos proxectos de innovación educativa que se estean a desenvolver no ámbito deste plan. Este marco xeral busca, en suma, ser unha referencia para o fomento da innovación educativa mediante a metodoloxía centrada na realización de proxectos nos centros de ensino non universitario.

Esta resolución pretende regular estes programas mediante o Plan Proxecta e establecer as bases para que participen nel os centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería.



De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral

DISPÓN:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto regular o Plan Proxecta e establecer as bases para a participación dos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso escolar 2015/16.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Poderán participar nesta convocatoria os centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sección 2ª. O Plan Proxecta

Artigo 3. *Definición do plan*

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Artigo 4. *Obxectivos xerais*

Con este plan preténdense lograr os seguintes obxectivos:

1. Dotar a comunidade educativa galega con programas educativos de diferentes ámbitos que fomenten a innovación educativa.



2. Establecer un marco xeral de colaboración para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado.

3. Fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns, dirixidos á realización de proxectos educativos de innovación que desenvolvan as competencias clave e os elementos transversais.

4. Establecer unhas pautas comúns en relación ao recoñecemento do traballo do profesorado nestes proxectos educativos.

5. Ofrecerlles aos centros e ao profesorado a posibilidade de incluír dentro da súa planificación anual e das súas programacións, segundo corresponda, a participación naqueles programas que mellor se adapten ás súas características específicas.

6. Crear unha rede de centros en que se fomente o traballo cooperativo e interdisciplinario, que consiga transformar e mellorar a práctica educativa, transferindo eficazmente as iniciativas innovadoras.

Artigo 5. *Eixes e accións do plan*

Os eixes do plan son tres:

1. Organización.

Este eixe está marcado por tres accións centrais:

a) Sistematizar e actualizar os programas educativos dos distintos organismos (anexo).

b) Difundir o plan entre todos os axentes da comunidade educativa.

c) Utilizar ferramentas eficaces de xestión do plan.

2. Apoio.

As principais accións deste eixe son:

a) Ofrecerlle ao profesorado un marco para o desenvolvemento de accións nas aulas que fomenten a innovación mediante actividades formativas, propostas, materiais didácticos diversos e outras iniciativas que condúzan á mellora da calidade do ensino.

b) Establecer un sistema de asesoramento e seguimento a través das estruturas de formación permanente do profesorado, da inspección educativa, dos equipos responsables



de cada un dos programas e da asesoría de innovación educativa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. Avaliación e recoñecemento.

Neste caso as accións que cómpre seguir son:

a) Recoñecer a participación das persoas coordinadoras e do profesorado participante nos proxectos como actividade de innovación educativa.

b) Difundir os mellores proxectos a través das canles dixitais desta consellería e, máis especificamente, mediante a publicación das mellores experiencias de cada programa na sección específica do Plan Proxecta en Eduga, Revista Galega do Ensino.

Artigo 6. *Liñas estratéxicas do plan*

Este plan organizase en torno a tres grandes liñas estratéxicas:

1. Desenvolvemento das competencias clave.

O desenvolvemento das competencias é fundamental na organización curricular do ensino non universitario. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, recolle no artigo 2 as seguintes competencias clave: 1. Comunicación lingüística; 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; 3. Competencia dixital; 4. Aprender a aprender; 5. Competencias sociais e cívicas; 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e 7. Conciencia e expresións culturais.

2. Desenvolvemento dos elementos transversais.

Os programas incluídos neste plan teñen en común o obxectivo de desenvolver a educación en valores e mais os elementos transversais conforme o artigo 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 6 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Utilización de estratexias metodolóxicas comúns.

A terceira liña estratéxica é o fomento de estratexias metodolóxicas comúns a todos aqueles programas educativos que participen no Plan Proxecta. Abordarase unha proposta



metodolóxica de aprendizaxe por proxectos baseada en dinámicas activas, cooperativas e contextualizadas, centradas na experiencia práctica do alumnado sobre o seu contorno inmediato. Esta proposta leva ao desenvolvemento de valores desde unha crecente posición crítica e autónoma, partindo dos seus intereses e das súas experiencias. Deste xeito, as actividades levadas a cabo no centro por cada programa organizaranse conformando un proxecto interdisciplinario que inclúa elementos do currículo de diversas materias, áreas, ámbitos ou módulos e que se integre nas programacións específicas do profesorado participante e na programación xeral anual.

Artigo 7. *Profesorado participante*

1. Nos proxectos interdisciplinarios realizados nos centros deberán tomar parte, como mínimo, unha persoa coordinadora e un profesor ou unha profesora. A participación máxima estará delimitada polo establecido especificamente por cada programa educativo.

2. O profesorado coordinador e participante deberá ter destino no centro solicitante durante o curso escolar completo.

3. Será posible realizar proxectos en que participen varios centros. Neste caso, cada centro debe facer cadansúa solicitude na aplicación de xestión (véx. artigo 8). Para os efectos de avaliación terase en conta o proxecto de cada centro por separado, pero valorarase especialmente o esforzo de colaboración intercentros.

Sección 3ª. Proceso de solicitude e selección dos proxectos

Artigo 8. *Proceso e prazo de solicitude*

1. Para participar nesta convocatoria o/a director/a do centro ou persoa que a substitúa debe solicitar os programas que desexe (véx. anexo) a través da aplicación do Plan Proxecta 2015/16 (<http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>). No formulario de solicitude deberánse introducir os datos da persoa coordinadora de cada proxecto en que se inscriba o centro. A partir deste momento, será esta persoa coordinadora, a través da súa conta de usuario, quen cubra o resto de información solicitada. No caso dos programas con modalidades, e se o programa non o especifica doutro xeito, os centros poden participar con proxectos que integren as diferentes modalidades, nunha combinación dalgunhas delas ou nunha modalidade única, dependendo das condicións específicas de cada programa educativo (<http://www.edu.xunta.es/web/node/6180>).

Unha vez cubertos todos estes datos, o/a director/a debe revisalos para confirmar o compromiso do centro de levar a cabo os proxectos nas condicións indicadas e dará por rematado o proceso na propia aplicación.



2. Unha vez rematada a solicitude, a aplicación enviará un xustificante ao *buzón de informes*. O director/a do centro debe asinar e selar este xustificante e, logo, presentalo a través do Rexistro Xeral dirixido ao:

Plan Proxecta.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bq. II-2º andar.

15781 Santiago de Compostela.

3. O rexistro xeral válido para o envío da documentación é o portelo único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado, conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non serán válidas as solicitudes xestionadas exclusivamente a través do Rexistro do centro educativo.

4. O prazo para cubrir e pechar a solicitude na aplicación informática vai desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 15 de outubro de 2015.

Artigo 9. *Comisión de Selección*

1. Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación, a Comisión de Selección avaliará a solicitude dos centros participantes en cada programa, segundo os criterios publicados na ficha informativa que figura na aplicación de xestión ou tamén na sección de programas da web do Plan Proxecta (<http://www.edu.xunta.es/web/node/6180>).

2. A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros:

a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado, que actuará como presidente/a.

b) A persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa.

c) Dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, unha das cales realizará as funcións de secretaría.



d) As persoas responsables de cada un dos programas que participan no Plan Proxecta nesta convocatoria. Estas persoas serán designadas polas institucións responsables de cada programa.

3. A Comisión poderá dispor a constitución de comisións técnicas, compostas por persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e das outras institucións participantes, que emitan informe sobre os proxectos presentados.

Artigo 10. *Resolución*

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a Comisión de Selección fará pública a resolución provisoria na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/web>) e notificarállela ás persoas responsables dos proxectos nos centros a través da aplicación de xestión do Plan Proxecta.

2. Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 10 días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez valoradas as reclamacións e renuncias recibidas, a Comisión de Selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/web>). Transcorrido o prazo de seis meses sen que se lle notifícase a resolución expresa, o centro solicitante poderá entender rexeitada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Contra esta resolución poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sección 4ª. Seguimento, avaliación e certificación

Artigo 11. *Seguimento e avaliación dos proxectos*

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento dos proxectos e dará conta deles aos órganos de participación e goberno, aos pais, ás nais ou aos titores/as legais, así como ás institucións que participan no/s programa/s.

2. A Inspección Educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas nos programas, e informará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



3. A persoa coordinadora de cada proxecto elaborará unha memoria final do traballo realizado na sección correspondente da aplicación de xestión desta resolución, dentro dos prazos que se establezan no seu momento. Esta memoria será avaliada polas persoas responsables dos programas e do plan de acordo cos criterios de avaliación que fosen establecidos.

4. A valoración positiva desta memoria será indispensable para acadar a certificación de innovación educativa do profesorado participante.

5. A participación do centro no Plan Proxecta deberá quedar reflectida na súa memoria anual.

Artigo 12. *Certificación e recoñecemento do profesorado*

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no Plan Proxecta como actividade de innovación educativa (véx. artigo 11.4).

Dependendo da temporización do programa educativo, a equivalencia en horas de formación permanente do profesorado destas certificacións será a seguinte:

a) Curso completo: 20 horas para o profesorado participante e 30 horas para a persoa coordinadora.

b) Medio curso: 12 horas para o profesorado participante e 15 horas para a persoa coordinadora.

Cada docente (independentemente da súa condición de coordinador/a ou participante) recibirá unha única certificación por curso académico, independentemente do número de programas en que se participe. Prevalecerá a condición de coordinador/a sobre a de participante e a participación en programas de temporización do curso completo sobre os de medio curso.

2. Ademais a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria difundirá as boas prácticas identificadas entre os proxectos realizados polos centros.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



ANEXO
**Datos básicos dos programas participantes no Plan Proxecta
 durante o curso escolar 2015/16**

Institución	Nome do Programa	Ámbito	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Presidencia da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral para o Deporte-Fundación Deporte Galego)	<i>Xogade</i>	Saúde/actividade física	Fomento e consolidación de hábitos físico-deportivos saudables mediante a participación en actividades deportivas.	Curso completo	Primaria e ESO	Públicos e concertados
	<i>Deportivo de centro</i>		Creación de unidades de promoción de actividade física saudable nos centros educativos.	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato, FP e adultos	Públicos e concertados
	<i>Máis e mellor actividade física</i>		Desenvolvemento dunha hora lectiva semanal de ciencias sociais ou ciencias da natureza en colaboración co profesorado de educación física nun contexto de actividade física e movemento fóra da aula.	Curso completo	Primaria	Públicos e concertados
	<i>Móvetete máis</i>		Participación en actividades de carácter lúdico e transversal para o fomento da actividade física utilizando a música e o movemento.	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato, FP, adultos	Públicos e concertados
	<i>DAFIS</i>		Valoración da condición física para a saúde e realización de actividades de promoción da vida activa e saudable.	Curso completo	Primaria, ESO e bacharelato	Públicos e concertados
Presidencia da Xunta de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)	<i>Aprendo programando</i>	Ciencia e tecnoloxía	Promoción do uso da programación como ferramenta para desenvolver as competencias do alumnado.	Curso completo	De 4º a 6º de primaria e de 1º a 3º da ESO	Públicos e concertados
	<i>Rapazas emprendedoras nas TIC</i>		Fomento do emprendemento entre as alumnas de secundaria a través das tecnoloxías da información e da comunicación.	Curso completo	1º e 2º de ESO	Públicos
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea)	<i>Cooperación galega: o mundo que queremos</i>	Solidariedade	Fomento da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza.	Curso completo	ESO e ciclos de grao medio e superior	Públicos
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade)	<i>Por 365 días de respecto e igualdade</i>	Igualdade	Prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo.	Curso completo	ESO, bacharelato, FP e adultos	Públicos
	<i>Donas de si</i>		Visibilización das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega.	Curso completo	ESO	Públicos



Institución	Nome do Programa	Ámbito	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	<i>Paisaxe e sustentabilidade</i>	Medio ambiente	Fornecemento de recursos para comprender e interpretar as paisaxes próximas a través dos seus elementos constitutivos, da súa diversidade e do seu valor cultural e simbólico, para desenvolver unha actitude responsable no marco da sustentabilidade.	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP	Públicos
	<i>MeteoEscolas</i>	Ciencia e tecnoloxía/medio ambiente	Coñecemento do clima da escola e do seu arredor.	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato e FP	Públicos e concertados
	<i>Protexa o teu medio</i>	Medio ambiente	Formación dunha comunidade escolar investigadora que busque a mellora da calidade do aire e das augas.	Curso completo	Bacharelato e FP	Públicos e concertados
	<i>Terra</i>	Patrimonio/desenvolvemento sustentable	Coñecemento dos espazos que habita o alumnado, facendo fincapé na arquitectura e na identidade territorial. Proxecto para o curso 2015/16: O dereito ao hábitat.	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato e FP	Públicos e concertados
	<i>Recíclate con Sogama</i>	Desenvolvemento sustentable	Fomento da recollida selectiva de residuos.	Curso completo	Primaria	Públicos e concertados
	<i>Ríos</i>	Medio ambiente	Fomento da conservación dos ecosistemas fluviais.	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato, FP e adultos	Públicos
	<i>Protexa os animais</i>		Fomento da concienciación do alumnado na protección e no respecto polos animais domésticos co fin de garantir a tenza responsable dos animais.	Curso completo	Infantil, primaria	Públicos e concertados
	<i>Naturézate</i>		Difusión e promoción dos espazos protexidos de Galicia e fomento da concienciación e actitudes do alumnado cara á conservación da natureza.	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato	Públicos e concertados
Consellería de Economía e Industria (IGC)	<i>Consumópolis</i>	Consumo responsable	Mellora das pautas de consumo responsable do alumnado mediante a participación nun concurso con fases autonómica e estatal.	Medio curso	5º e 6º de primaria e ESO	Públicos e concertados
	<i>Galicons-net</i>		Investigación do alumnado a través dunha das temáticas propostas: Consumo e xénero Linguaxe publicitaria Comercio electrónico Servizos financeiros	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato, FP, ensinanzas especiais e adultos	Públicos e concertados



Institución	Nome do Programa	Ámbito	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería de Sanidade	<i>Clases sen fume</i>	Saúde/ prevención	Prevención do tabaquismo	Medio curso	1º e 2º de ESO	Públicos e concertados
	<i>Salvavidas</i>	Saúde/ solidariedade	Fomento de actitudes favorables nos escolares cara á doazón e aos transplantes.	Curso completo	5º e 6º de primaria, ESO, bacharelato, FP e adultos	Públicos e concertados
	<i>Cociñando con saúde</i>	Saúde/ alimentación	Concienciación do alumnado sobre a importancia da calidade da oferta alimentaria na elaboración dos menús dos comedores escolares.	Medio curso	FP de grao medio (familia de cociña e restauración)	Públicos e concertados
	<i>Xermoliño</i>		Promoción da alimentación saudable a través da adquisición de pautas de consumo responsable.	Curso completo	Primaria	Públicos e concertados
	<i>Xermolón</i>		Promoción da alimentación saudable a través da adquisición de pautas de consumo responsable.	Curso completo	ESO	Públicos e concertados
Consellería de Traballo e Benestar	<i>Quérote+</i>	Saúde/educación emocional	Asesoramento, formación e información en temas de autoestima, educación afectivo-sexual e convivencia nas aulas, nas redes sociais e nos espazos de ocio. 2 modalidades: Socializando Coñecéndonos	Curso completo	3º ESO	Públicos e concertados
	<i>Parlamento Xove</i>	Comunicación	Fomento do diálogo e da argumentación razoada das ideas propias como ferramenta para o consenso.	Curso completo	3º e 4º de ESO e bacharelato	Públicos e concertados
	<i>Rede de Centros Escolares Solidarios</i>	Voluntariado	Fomento entre os escolares do compromiso como voluntarios/as cunha entidade.	Curso completo	ESO, bacharelato e FP	Públicos e concertados
	<i>Correspondentes xuvenís 3.0</i>		Promoción e difusión de información de interese para a mocidade a través da creación dunha rede de correspondentes xuvenís nos institutos.	Curso completo	3º e 4º da ESO, bacharelato e FP	Públicos e concertados



Institución	Nome do Programa	Ámbito	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería do Medio Rural e do Mar	<i>Aliméntate ben</i>	Saúde/ alimentación	Mellora dos hábitos alimenticios do alumnado. 4 modalidades: a) Froita na escola b) Lácteos na escola c) Ponlle as pilas ao teu bocata (conservas do mar) d) O sabor da aventura está no mar	Curso completo	a) 2º ciclo de infantil, primaria, ESO b) Infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP de grao medio c) e d) Infantil, primaria e ESO	Públicos e concertados
	<i>O monte vivo</i>	Medio ambiente/ desenvolvemento sostible	Participación dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais.	Curso completo	Primaria e ESO	Públicos e concertados
	<i>Montentérate-O monte é a nosa vida</i>		Fomento do coñecemento da multifuncionalidade do monte, da súa xestión sustentable e da importancia dos montes veciñais en Galicia.	Curso completo	Primaria e ESO	Públicos e concertados
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística)	<i>Nós tamén creamos!</i>	Audiovisual/ normalización lingüística	Promoción da lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, creando curtametraxes en galego.	Curso completo	2º ciclo de infantil e de 1º a 4º curso de primaria	Públicos
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CGAI)	<i>Cine en curso</i>	Audiovisual	Exploración da potencialidade pedagóxica da creación cinematográfica.	Curso completo	Primaria, ESO e bacharelato	Públicos
	<i>Fotografía en curso</i>		Difusión e pedagogía da creación fotográfica nos centros educativos.	Curso completo	Primaria, ESO e bacharelato	Públicos
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral do Patrimonio Cultural)	<i>Mirando polo Camiño</i>	Patrimonio	Coñecemento, divulgación e protección do patrimonio cultural vinculado ao Camiño de Santiago.	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato, ciclos medios e superiores	Públicos
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Agadic)/Sociedad General de Autores y Editores (SGAE)	<i>Ti es creador</i>	Alfabetización audiovisual	Exploración das etapas do proceso creativo coa colaboración de autores e artistas que contribuirán a desenvolver experiencias creadoras.	Curso completo	3º e 4º cursos de primaria	Públicos
Ministerio do Interior (Dirección Xeral de Tráfico)	<i>Mobilidade sostible e segura</i>	Mobilidade	Promoción da mobilidade segura e sustentable entre o alumnado.	Curso completo	Infantil, primaria, ESO	Públicos e concertados

Para unha información máis detallada sobre os programas, debe consultarse a seguinte ligazón:
<http://www.edu.xunta.es/web/node/6180>

